



COMUNICÁMONOS E REFLEXIONAMOS SOBRE A LINGUA

Exercicios autoavaliabes

1. Se consultas o dicionario da Real Academia Galega que atoparás na rede, verás que ao abordar o significado da palabra código achega varias solucións que vai enumerando. Cal das acepcións lle corresponde a este termo no apartado 2 da unidade? Explica a resposta.
2. Precisas unha fotografía para poder facer o carné da biblioteca e achégaste a un fotomatón que hai na rúa. Ao sentar e introducir os cartos escoitas: “Benvido, vai vostede facer unha foto. Mire fixamente para o cadro que ten en fronte e sorría”. Identifica os elementos que se dan neste acto de comunicación. Relaciona este emisor con aquel que se definiu no apartado 2.
3. Que elemento da comunicación compartirán ou non un chinés e un galego para que poidan ser ou non ser emisores e receptores alternativos nun acto de comunicación? Explica a resposta.
4. Soa o timbre, que elemento do proceso de comunicación lles dirá aos alumnos se han rematar a / saír de ou entrar á clase?
5. Que elemento me dirá do significado de lingua ‘órgano muscular dos vertebrados situado na cavidade bucal / código verbal’ nunha determinada cadea falada?
6. O profesor informou aos alumnos que o vindeiro mes farán unha proba escrita. Quen é o emisor e o receptor, e cal a mensaxe e a canle? Que función da linguaxe predomina na frase?
7. Recoñece e explica as funcións da linguaxe dominantes nas seguintes cadeas faladas:
 - a. A vaca é un animal de catro patas.
 - b. A oración anterior é enunciativa, afirmativa, copulativa.
 - c. Que marabilloso día de praia!
 - d. Pecha a ventá, Antón.
 - e. Quen acaba de chegar?
 - f. Si, dime, que marchas mañá? a Roma?. Non me digas!.
 - g. Eu teño un boneco / de neve nas eiras, / con narices e ollos, / cinto e faldriqueira... (A.R.L.)
8. Explica por que son signos as cores do semáforo. Que tipo de signos son?



Solucións

1. Se consultas o dicionario da Real Academia Galega que atoparás na rede, verás que ao abordar o significado da palabra código achega varias solucións que vai enumerando. Cal das acepcións lle corresponde a este termo no apartado 2 da unidade? Explica a resposta.

A acepción 3: “Conxunto de símbolos ou signos que permite formular e comprender ou interpretar mensaxes. Código secreto. Código lingüístico.” Porque fai referencia ao conxunto de signos necesarios para poder emitir e recibir mensaxes e que tanto emisor como receptor deben coñecer, pois do contrario non se levará a cabo a comunicación.

2. Precisas unha fotografía para poder facer o carné da biblioteca e achégaste a un fotomatón que hai na rúa. Ao sentar e introducir os cartos escoitas: “Benvido, vai vostede facer unha foto. Mire fixamente para o cadro que ten en fronte e sorría”. Identifica os elementos que se dan neste acto de comunicación. Relaciona este emisor con aquel que se definiu no apartado 2.

Emisor: a máquina que automaticamente saúda e informa. Receptor: o cliente. Mensaxe: saúdo, información. Código: galego. Canle: aire (ondas). Contexto: a cadea de sons, palabras... Situación: o fotomatón na rúa.

3. Que elemento da comunicación compartirán ou non un chinés e un galego para que poidan ser ou non ser emisores e receptores alternativos nun acto de comunicación? Explica a resposta.

O código. Un dos dous ten que coñecer o idioma do outro, sendo así poderán establecer un acto de comunicación nesa lingua.

4. Soa o timbre, que elemento do proceso de comunicación lles dirá aos alumnos se han rematar a / saír de ou entrar á clase?

A situación. Se toca cando están no recreo, hai que entrar; se toca cando están na clase, será para saír ou rematar a clase.

5. Que elemento me dirá do significado de lingua ‘órgano muscular dos vertebrados situado na cavidade bucal / código verbal’ nunha determinada cadea falada?

O contexto. Se, por exemplo o contexto fose “saque a lingua fóra”, o significado sería ‘músculo dos vertebrados situado na boca’, pero se o contexto fose “estudo a túa lingua”, sería ‘código verbal’..

6. O profesor informou aos alumnos que o vindeiro mes farán unha proba escrita. Quen é o emisor e o receptor, e cal a mensaxe e a canle? Que función da linguaxe predomina na frase?

Emisor: o profesor. Receptor: os alumnos. Mensaxe: o vindeiro mes faremos unha proba escrita. Canle: o aire. Predomina a función referencial ou representativa, pois pretende informar sobre unha realidade que ocorrerá o mes próximo.

7. Recoñece e explica as funcións da linguaxe dominantes nas seguintes cadeas faladas:

a) Referencial ou representativa: o referente (a vaca) é o elemento predominante. b) Metalingüística: convertemos a lingua en referente, usamos a lingua para falar dela mesma. c) Expresiva: expresamos a nosa emoción, o noso estado de ánimo diante dunha situación, informa da visión subxectiva do emisor. d) Conativa ou apelativa: é necesaria a axuda do receptor para completar



coñecementos, volve ser fundamental o receptor. f) Fática: o obxectivo é constatar que a canle funciona e a mensaxe que chega é a correcta. g) Poética ou literaria: ó emisor impórtalle máis a forma que o contido ou calquera outro elemento, para informar deste boneco de neve..

8. Explica por que son signos as cores do semáforo. Que tipo de signos son?

Son signos porque representan outras realidades (verde='pase'; ámbar= 'precaución'; vermello='detéñase'). Son signos símbolos, porque a relación entre significante e significado é convencional.